

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA O AMAÑO DE TRES VEHÍCULOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O obxectivo do presente Prego de Prescrición s Técnicas é definir os diferentes arranxos de chapa, pintura, electricidade, tapicería e rotulación en tres vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento de Santiago de Compostela (SEIS).

PRAZOS PARA ARRANXAR OS TRES VEHÍCULOS.

O prazo máximo para arranxar os tres vehículos será de 90 días.

Durante o mes de Agosto, non se levará a arranxar ningún dos vehículo, por coincidir con época de vacación s e non poder levar a Xefatura un control dos arranxos nos vehículos. Polo que, este mes non computará nos 90 días do prazo máximo.

Por necesidades operativas, ao non poder parar a actividade do Servizo, os vehículos arregalaranse un de cada vez; debido a que calquera dos tres vehículos son considerados de 1ª saída. A empresa adxudicataria deberán entregar o vehículo totalmente arranxado e preparado para estar en servizo activo, antes de levar outro para reparar.

Unha vez rematados os traballos de arranxo nos vehículos, o adxudicatario pasarálle a ITV (nalgunha das dúas estación s da ITV que hai no termo municipal de Santiago de Compostela) a cada un dos tres vehículos, sempre antes de entregalo ao SEIS. Os gastos da ITV correrán a cargo do concello de Santiago de Compostela.

A Xefatura, ou a persoa do servizo na que delegue para facelo, será a persoa que coordine e leve un control dos arranxos nos vehículos.

A orde de entrada no taller para a reparación de cada un dos vehículos, será determinada pola Xefatura do servizo.

TRANSPORTE DOS VEHÍCULOS ATA A EMPRESA DE REPARACIÓN.

O persoal do Servizo de bombeiros de Santiago desprazará os vehículos ao taller indicado polo adxudicatario, no caso de que este se atope dentro do termo municipal de Santiago de Compostela; xa que o persoal do servizo de bombeiros de Santiago non saen fóra do territorio municipal. No caso que os vehículos teñan que saír fóra do termo municipal para facer algún ou todos os traballos recollidos neste prego, os vehículos desprazaranse na ida e na volta por un vehículo grúa tipo plataforma bañeira autorizado para o seu transporte. O adxudicatario terá que aportar a correspondente carta de porte do transporte coa dirección do traxecto que vai facer no momento de recollida do vehículo no Parque de bombeiros e na entrega do mesmo nas instalación s do Parque.

Os vehículos non se poderán conducir por estrada ou por calquera vía por persoal que non sexa do Servizo de Bombeiros Santiago de Compostela.

Os vehículos nos que se van facer os arranxos son:

VEHÍCULO MERCEDES ATEGO ----- MATRÍCULA: 3132 DCI.

VEHÍCULO MAN ----- MATRÍCULA: 4015 CDP

VEHÍCULO MERCEDES ATEGO DLK----- MATRÍCULA: 5183 CDR

1. VEHÍCULO MERCEDES ATEGO ----- MATRÍCULA: 3132 DCL

Os materiais e elementos a empregar estarán debidamente certificados e homologados.

Descrición dos seguintes traballos a realizar neste vehículo:

CABINA

Desmontar e montar a cabina completa para pintado; desmontar luces de estrada, de enerxía, espellos, portas, gardalamas, estribos, etc...; desmontar porta de condutor, copiloto e traseiras reparando ou cambiando apertura e peche das portas tanto desde o interior como o exterior e descolgues de bisagras; reparar ou cambiar eleva vidros eléctricos e manuais; reparar ou cambiar sistemas eléctricos e manuais de corrección de retrovisores; reparar ou cambiar folguras nos retrovisores; repor tapa de parafusos retrovisor esquerdo; reparar ou cambiar as cerraduras das manillas exteriores das portas; reparar ou cambiar os peches ou bisagras das portas nas diferentes guanteiras que hai na interior da cabina; cambiar foco de iluminación dereito orixinal do vehículo que vai na defensa; cambiar as gomas de peche de todas as portas da cabina (onde a porta bate contra a estrutura); cambiar tódalas gomas nos vidros das portas; cambiar gomas de trampilla superior; escurecemento dos dous cristais das portas traseiras; reparar todos os golpes de carrocería e plásticos; preparado, lixado, tratamento, imprimado e pintado de carrocería completa, incluído a parte superior da cabina, así como a parte traseira da cabina e a dianteira do carrozado; quitar foco pirata e as marcas de modelo do camión que molesten para rotular o vehículo; tapar os buratos das luces antigas ou calquera outros que non se volvan a utilizar; repoñer calquera peza que falte ou este rota do exterior do vehículo ou do interior da cabina ou das persianas; lixado, tratamento, imprimación e pintado de zonas ocultas de chapa ou de zonas de chasis ocultas pola cabina ou o carrozado que estean en mal estado o con óxido; repor ou por novas etiquetas cós nomes dos diferentes interruptores da cabina; suxeitar altofalante do copiloto no seu lugar de orixe; reparar ou cambiar cerres gomas, barilla de suxeición e bisagras de portón para acceder ao anticoxelante do motor no vehículo; montaxe de todos os elementos que se desmontaron; revisar e cambiar todas as bombillas do interior e exterior do vehículo; reparar ou cambiar os parafusos dos paneis das portas e colocar protector do WINCHI dianteiro seguindo o modelo do camión do servizo de bombeiros o vehículo Mercedes Atego DLK matrícula: 5183 CDR.

CARROZADO E PERSIANAS

Desmontar e montar todas as persianas laterais e traseiras de carrocería, portas de arquillas inferiores, luces laterais e traseiras, mastíl, a escaleira de subida (tapando posibles buracos na chapa); etc; reparación de golpes; preparado, imprimado e pintado do carrozado (incluído a parte superior do carrozado) e das persianas completas, incluído a limpeza da parte interior das persianas; pintado na zona do chasis na roda de repostos, así como a llanta da roda de repostos; tapar os buratos das luces antigas ou calquera outros que non se volvan utilizar; cambiarase as gomas verticais de todas as persianas (1 por cada canle) que están nas canles de subida e baixada das persianas, así como as

dúas gomas horizontais de cerre contra a porta inferior das persianas (unha vai na persiana e a outra vai na porta inferior) de todas as portas; cambiarase a goma onde bate a porta de arquilla (na zona de chapa corrugadas con estrutura do carrozado); si algunha lámina, mecanismo ou peza das persianas ten algún defecto, golpe ou avaria, e non se pode reparar, cambiarase por unha nova; tensar e reparar o mecanismo das persianas; limparanse os canais de subida das persianas (as persianas terán o mesmo acabado, tratamento, imprimación, brillo e cor que a chapa); limpeza interior das arquillas con algún produto que devolva o brillo as chapas e a estrutura; cambio de rodamentos no soporte extraíble do xerador e no soporte extraíble do ventilador situado nas 3ª arquilla de cada lado; substituír eslingas de amarre de carga e de peche de persianas; substitución dos amortecedores das catro portas situadas na parte inferior das persianas; cambio dos mecanismos de cerre tipo barra dos sistemas de peche e apertura das persianas (de todas as persianas excepto la 1ª e da 3ª de la esquerda ea 3º da esquerda porase na parte traseira cambiando o resto excepto a 1º da esquerda-); pintado da chave situada á esquerda da entrada de aspiración da bomba; poñer etiquetas de rotulación novas das diferentes pancas ou interruptores na parte da bomba; pintado do primeiro tramo do mastro con soporte de focos e volante incluído; cambio de válvula de seguridade de viciado de aire do mastro de iluminación; colocación de tapa na defensa traseira, zona dereita; revisar e engraxar o carrete pronto socorro traseiro e o carrete de manguera situado na esquerda; revisar rodamentos do compartimento xiratorio que esta na 1ª arquilla da dereita; revisar ou cambiar sensores de apertura das portas das arquillas; reparado ou cambio do avisador acústico de cabina; cambiar os separadores de plástico por uns de aluminio no soporte de almacenamento de mangueras do lado esquerdo; facer un soporte de almacenamento de mangueras das mesmas características que o do lado esquerdo para colocalo no lado dereito (3ª arquilla), este soporte estará dividido para 3 mangueras de 70mm., 5 de 40 mm. e 3 de 25mm; colocación no sistema de almacenamento de mangueras unhas eslingas individuais en cada manguera; montaxe de interiores de arquillas, portas e de persiana; pintado do soporte onde vai o equipo de excarceración WEBBER; pintado dos soportes das baldas de la 1ª arquilla dereita; cambio e revisión de rodamentos en carros extraíbles o xiratorios; instalación de porta – escaleiras de aluminio en teito de vehículo (debidamente homologado) tendo que modificar a zona superior do camión (Este porta – escaleiras será para dúas escaleiras: unha escaleira de apróx. 300 cm. e outra de aproximadamente 450cm. en posición recollidas. Levará un avisador acústico dentro da cabina de porta - escaleira levantado. O porta escaleiras será igual ou superior características o instalado no vehículo no driza do servizo de bombeiros. Estará certificado e homologado).

CORES A UTILIZAR

As cores a utilizar serán:

defensas: cor amarela flúor RAL 1.026;

cabina, carrozaría e persianas: vermella RAL 3.000;

llantas: negra RAL 9.011 satinado

Nas pezas plásticas ou de chapa que estean en cor negra tentarase respectar a cor actual, renovando a cor con algún produto ou pintado.

Seguirase o modelo de cores existente nos dous vehículos reparados recentemente: o vehículo NODRIZA e o autobrazo BRONTO do Servicio de Extinción de Incendios e Salvamento de Santiago de Compostela (SEIS).

INTERIOR CABINA

Desmontar asentos interiores, lavado completo de toda a cabina polo interior, tapizados, teito, chan, asentos, salpicadero, etc; cambiar espuma e o tapizado completo do asento condutor e copiloto por tecido polipel similar ao utilizado no vehículo NODRIZA ou BRONTO, cor negra; aos catro asentos da parte traseira, na zona das pernas, e aos catro rodillos superiores, onde engancha la botella del ERA (teñen forma cilíndrica), cambiaranse polo modelo orixinal do carroceriro (Rosenbauer); cambiarase o rodillo do soporte ERA do copiloto; instalar esquina do chan de goma de cor amarela que falta; pintado de barras de portas e escaleiras en cor amarelas flúor (RAL 1.026); pór funda en repousacabezas coas abreviaturas: parte traseira: B1, B2 (dentro dun circulo en cor negra) a funda de cor vermella; B3, B4 (dentro dun circulo en cor negra) a funda en cor azul; parte dianteira: BC1 (dentro dun circulo en cor negra) en vermella e o do copiloto unha funda en cor amarela sen texto.

Revisar e arranxar sistema de soporte dos ERAS; cambiar amortecedores de tapa de asento traseiro; instalar tapón de auga da porta do condutor; colocar dous calzos, un a cada lado do asento traseiro na parte baixa; suxeición de chapa plástica nos pés do condutor; colocar tapa de cinto do condutor; montaxe de toda a cabina de novo e arranxar escaleiras de subida ao condutor e copiloto.

INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DE TRABALLO E EMERXENCIA

UNIDADES	CONCEPTO	UBICACIÓN (a ubicación definitiva será a indicada pola Xefatura do SEIS)
4	Focos led de superficie para parte frontal. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centraliña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Parte frontal facendo unha V. na zona de chapa ou na grella de ventilación do motor.
2	Focos de 4 led plano de alta potencia, un en cada aletín dianteiro.	Na zona do aletín dianteiro ou na zona do deflector de aire.
4	Focos led de superficie para parte superior lateral. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centraliña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Na zona superior dos laterais, levando 2 en cada lateral.

4	Foco de 6 led de alta potencia parte inferior do carrozado lateral, 2 en cada lateral.	Na zona inferior dos laterais
4	Focos led de superficie para parte traseira. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centraliña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Parte traseira, dous na zona alta e dous na zona baixa
12	Led para aumentar a ponte xa instalada no vehículo	Dentro da ponte de luces de emerxencia
1	Barra direccional de led bf 210L – 8 barra direccional de baixo perfil, con 8 módulos de 3 led de 3w cada led, baixo consumo, mando remoto para o control da barra con 5 funcións (dereita –esquerda, esq.-dereita, centro –exterior, alternativo e warning). Tecla auxiliar para o control de luces, cable manguera 4 m, soporte tipo L, multitensión 12 – 24 v. Altura 65mm, ancho 65mm, largo 1096mm).	Parte traseira, encima da arquilla
8	Faro de iluminación de zona de traballo de led mínimo 850 lumenes unidade.	Colocación encima de cada persiana lateral e dous na traseira.
4	Focos traballo traseiro e lateral de alta luminosidade aproximadamente 3.000 lumenes cada un.	2 na parte traseira na zona superior do carrozado e 2 no principio do carrozado despois de la cabina, na zona superior, un por cada lateral del vehículo.
14	Tiras de iluminación de led de alta potencia no interior de persianas e arquillas traseiras (2 barras por cada compartimento en posición vertical, ao longo de toda a lonxitude da canle de subida e baixada de persiana, así como nas portas situadas por debaixo das persianas). As tiras de led de mínimo 14,4w de potencia metro. Terán que ser resistentes á auga, mínimo ip65, así como os conectores.	Dentro das arquillas que teñen persianas e as portas que están na parte inferior das persianas en posición vertical, ao longo de toda a lonxitude da canle de subida e baixada de persiana, así como na lonxitude das portas inferiores das persianas
3	Barras de led de alta potencia en interior de cabina. Unha na parte traseira que ocupe toda a lonxitude desde porta a porta e, na parte dianteira, unha encima do condutor e outra enriba do acompañante de aprox. 50 cm. cada unha. Terán unha potencia mínima de 14,4w de potencia metro. Ip65. Toda esta iluminación acenderá ou apagará coa apertura ou peche de calquera porta. Ademais, levará un interruptor individualizado de acendido e apagado.	Na parte traseira buscarase a mellor localización para non cegar aos bombeiros, podendo ser a primeira opción encima da espaldeira, no teito. Na parte dianteira poderán ir encima do condutor e del acompañante.
8	Focos de 3 led de alta potencia de cor laranxa instalado en cada lateral das portas das arquillas traseiras para indicar e sinalizar as mesmas. Son 2 por porta.	En cada porta das que están situadas na parte inferior das persianas, colocarase 1 foco en cada lateral.

4	Focos de led de alta potencia a 24v para substitución dos focos de mastro de potencia mínima cada un de 2.600 lúmenes. Instalarase un interruptor de acendido e apagado dos focos, na arquilla traseira, ao lado do mecanismo de subida e baixada do mastro. Cambiarase o cableado do mastro.	Mastro telescópico da zona traseira.
1	Conxunto de 4 cámaras de 360º brigade blackeee completo, con monitor con visión aérea del vehículo e visión da cámara que se atopa activada	Unha cámara en cada lateral, outra na parte dianteira e traseira. A situación exacta, segundo marque as especificacións del instalador oficial.
1	Instalación, homologación e posta en marcha de todos os elementos que se citan neste prego. A instalación de todos estes elementos instalarase con cableado novo, caixas novas, conectores novos e todo o material necesario a posta en funcionamento desta iluminación.	

2. VEHÍCULO MAN BR1----- MATRICULA: 4015 CDP

Os materiais e elementos a empregar estarán debidamente certificados e homologados.

Descrición dos seguintes traballos a realizar neste vehículo:

CABINA

Desmontar e montar a cabina completa para pintado; desmontar luces de estrada, de enerxía, espellos, portas, gardalamas, estribos, etc...; desmontar porta de condutor, copiloto e traseiras reparando ou cambiando apertura e peche das portas tanto desde o interior como o exterior, descolgues de bisagras; reparar ou cambiar eleva vidros eléctricos e manuais; reparar ou cambiar sistemas eléctricos e manuais de corrección de retrovisores; reparar ou cambiar folguras nos retrovisores; reparar ou cambiar as cerraduras das manillas exterior das portas; reparar ou cambiar os cerres ou bisagras das portas nas diferentes guanteiras que hai no interior da cabina; repoñer o cristal roto no espello retrovisor dereito; repoñer tirador de suxeición situado na parte superior do copiloto; repoñer carcasa do ancoraxe de cinto; arranxo ou cambio da defensa dianteira do vehículo; reposición do deflector de aire situado na esquina dianteira dereita; cambiar os dous focos de iluminación do camiión (focos de luces de cruce e longas, tamén os dous focos halóxenos coa intermitencias que está na parte inferior da defensa); cambiar as dúas tulipas intermitentes dos gardalamas dereito e esquerdo; cambiar as dúas tulipas traseiras de freado e intermitente; cambiar luces de matrícula; cambiar luces de situación; revisar e cambiar bombillas que non funcionen do interior e exterior; cambiar as gomas de peche de todas as portas da cabina (onde a porta bate contra a estrutura); cambiar todas as gomas nos vidros das catro portas; cambiar gomas de trampilla superior e amortecedores; pintado de asas traseiras de subida cabina de color amarela flúor; escurecemento dos dous cristais das portas traseiras; reparar todos os golpes de carrocería e plásticos; preparado, lixado, tratamento, imprimado e pintado de carrocería completa incluído a parte superior da cabina, así como a parte traseira da cabina e a

dianteira do carrozado; arranxar chapa que está entre a cabina e carecería; quitar foco pirata e as marcas de modelo do camión que molesten para rotular o vehículo; tapar os buratos das luces antigas ou calquera outros que non se volvan a utilizar; repoñer calquera peza que falte ou estea rota do exterior do vehículo ou do interior da cabina ou das persianas; lixado, tratamento, imprimación e pintado de zonas ocultas de chapa ou de zonas de chasis ocultas pola cabina ou o carrozado que estean en mal estado ou con óxido; reparar ou cambiar cerre, gomas, barilla de suxeición e bisagras de portón para acceder anticonxelante do motor no vehículo; repoñer ou poñer novas etiquetas cós nomes dos diferentes interruptores da cabina; montaxe de todos os elementos que se desmontaron; protector do WINCHI dianteiro seguindo o modelo do camión do SEIS o vehículo NODRIZA MAN, matrícula 3600CDP.

CARROZADO E PERSIANAS

Desmontar e montar todas as persianas laterais e traseiras de carrocería, portas de arquillas inferiores, luces laterais e traseiras, mastro, escaleira de subida (tapando posibles buracos na chapa); etc.; reparación de golpes; preparado, imprimado e pintado do carrozado (incluído a parte superior do carrozado) e das persianas completas, incluído a limpeza da parte interior das persianas; pintado na zona do chasis na roda de repostos, así como a llanta da roda de repostos; pintado na zona da bomba; limpeza de chapas nesta zona e arranxo do cambio del racor de espuma; reparar o descolgue da 1ª porta de la esquerda; reposición do embelecador inferior desta porta; tapado dos buratos das luces antigas ou calquera outros que non se volvan utilizar; cambio das gomas verticais de todas as persianas (1 por cada canle) que están nas canles de subida e baixada das persianas, así como a goma horizontal de cerre contra a porta inferior das persianas (vai na parte inferior da persiana en posición horizontal) de todas as persianas; cambiaranse tódalas canles das persianas, por onde suben e baixan as mesmas; revisar e cambiar os sensores de arquilla aberta que estean defectuosos; repararase ou cambiarase o avisador acústico da cabina para avisar de arquilla aberta; cambiarase a goma onde bate a porta de arquilla (na zona de chapa corrugadas con estrutura do carrozado); cambiar as lamas estragadas da 3ª persiana do lado dereito e a persiana traseira; se ademais algunha lámina, mecanismo ou peza das persianas ten algún defecto, golpe ou avaria, e non se pode reparar, cambiarase por unha nova; tensar e reparar o mecanismo das persianas; instalación de mecanismo de apertura para as portas que están debaixo das persianas con sistemas de seguridade dobre, como os instalados nas portas dos vehículos NODRIZA e autobrazo BRONTO, levarán un ou dous por cada porta, segundo sexa necesario, (as persianas terán o mesmo acabado, tratamento, imprimación, brillo e cor que a chapa); limpeza interior das arquillas con algún produto que devolva o brillo as chapas e a estrutura; colocación no sistema de almacenamento de mangueras dunhas eslingas individuais en cada manguera; cambio de rodamentos, sistema de apertura, revisión de descolgues, revisión de canles nos seguintes carros ou soportes: no soporte extraíble do xerador, do carro do equipo LUKAS, do carro dos ERAS, do carro da máquina dispersante, no carro dos accesorios de espuma; pintado dos soportes que teñan algún tipo de pintura; cambio do sistema de pasadores que fan a función de impedir o movemento de extraer e recoller no soporte extraíble da máquina de dispersante situado na 3ª arquilla do lado dereito; revisión e cambio de rodamentos do soporte xiratorio onde van a motoserra e a radial; substituír eslingas de amarre de carga e de peche de persianas; instalación de amortecedores das catro portas situadas na parte inferior das persianas, levará dous amortecedores por porta; cambio

ou reparación dos mecanismos de cerres tipo botón dos sistemas de peche e apertura das persianas; revisión da parte inferior do carrozado e da cabina; arranxando e pintando calquera zona deteriorada ou con óxido; revisión da parte interior da arquilla traseira reparando e pintando calquera zona deteriorada ou con óxido; poñer etiquetas de rotulación novas das diferentes pancas ou interruptores na parte da bomba; pintado do primeiro tramo do mastro con soporte de focos e volante incluído; cambio de válvula de seguridade de vaciado de aire do mastro de iluminación; reparar e engraxar o carrete pronto socorro traseiro e o carrete de manguera situado na dereita; reparar ou cambiar sensores das portas das arquillas, reparación ou cambio do avisador acústico de cabina; colocación no sistema de almacenamento de mangueras unhas eslingas individuais en cada manguera; montaxe de interiores de arquillas, portas e de persianas; instalación de porta – escaleiras de aluminio en teito de vehículo tendo que modificar a zona superior do camión (este porta – escaleiras será para unha plataforma de rescate e unha escaleira pequena. Será un sistema con modelo dobre. Antes de instalar este sistema inspeccionarase a plataforma de rescate para buscar o mellor modelo para levar esta plataforma; levará un avisador acústico dentro da cabina de porta - escaleira levantado. Estará certificado e homologado).

CORES A UTILIZAR

As cores a utilizar serán:

Defensas: cor amarela flúor RAL 1.026

Cabina, carrozaría e persianas: vermella RAL 3.000

Llantas: negras RAL 9.011 satinado

As pezas plásticas ou de chapa que estean en cor negra tentarase respectar a cor actual, renovando a cor con algún produto ou pintado.

Seguirase o modelo de cores existente nos dous vehículos arranxados recentemente: o vehículo NODRIZA e o el autobrazo BRONTO, do SEIS.

INTERIOR CABINA

Desmontar asentos interiores, lavado completo de toda a cabina polo interior, tapizados, teito, chan, asentos, salpicadero, etc.; cambiar a espuma e o tapizado completo: asento condutor e copiloto; tapizado das portas dianteiras e traseiras (4 portas) por tecido polipel similar ao utilizado no vehículo NODRIZA ou BRONTO, cor negra; no asento e o respaldo da parte traseira, cambiarase a espuma, tapizado e madeira, levando o mesmo tapizado en polipel en todo o vehículo; cambiaranse os amortecedores deste asento; substituirase o tapizado do chan na súa totalidade na parte dianteira e na parte traseira por un das mesmas características ou superiores; pintado de barras de portas e escaleiras en cor amarelas (RAL 1.026); arranxaranse as escaleiras de subida ao condutor e copiloto; poñeranse funda en repousacabezas coas abreviaturas:

Parte traseira: o repousacabezas dividirase en catro parte poñendo B1, B2 (dentro dun círculo en cor negra) e a funda de cor vermella; B3, B4 (dentro dun círculo en cor negra) a funda en cor azul. A distribución dos mesmos será entregada pola Xefatura do servicio.

Parte dianteira: BC1 (dentro dun círculo en cor negra) en vermella e o do copiloto unha funda en amarela sen texto.

Montaxe de toda a cabina de novo.

REORGANIZACIÓN DO INTERIOR DAS ARQUILLAS.

Reorganizarase os compartimentos das arquillas, procurando levar todas as ferramentas de excarceracións de vehículos na parte dereita e as de extinción e outros útiles na parte esquerda; ademais, eliminaranse calquera ferramenta do interior da cabina. Os traballos consistirán en instalar soportes novos para as ferramentas; cambio de compartimentos; cambio de soportes; subir ou baixar baldas; poñer baldas novas; reforzar estrutura; etc... Previamente a realización dos traballos, haberá unha reunión ca Xefatura do servizo para determinar as características da reorganización do interior das arquillas.

As ferramentas instaladas serán as do servizo de bombeiros. As caixas e as seleccións o ancoraxes de ferramentas, subministraraas o adxudicatario, debendo contar cós certificados e homologacións oportunas.

Os diferentes traballos son:

LADO ESQUERDO:

Na primeira porta do lado esquerdo instalarase, con guías aeronáuticas ou similares: dous cepillos, dúas palas, un pico, un rastrillo de obra, caixa de ferramentas. Todas estas ferramentas terán un enganche rápido de suxeición. **Se é necesario**, eliminarse a balda do medio para aproveitar mellor o espazo.

Na primeira arquilla de persiana, instalarase o compartimento abatible que actualmente esta na 2ª arquilla da dereita, na cal vai instalada diversa ferramenta, como a motoserra. Se fora preciso, reforzase a estrutura onde vai suxeita.

Estudiarase a posibilidade de instalar parte da ferramenta que vai na primeira porta pola parte traseira no soporte na chapa do compartimento da arquilla.

Na segunda arquilla de persiana, instalarase o carro extraíble dos ERAS, subindo o necesario a balda superior.

Nun lateral irá un saco de absorbente de cortiza e, no outro lado do carro extraíble dos ERAS, irán as garrafas que collan; tendo que facer un soporte ou balda a media altura para levalas en dous niveis. A cortiza e as garrafas irán suxeitas con eslingas ou similares.

Na terceira arquilla de persiana, farase un soporte para as mangueras similar o do vehículo Autobrazo BRONTO, o cal terá como mínimo esta capacidade de mangueras: 2 de 70mm. 4 de 45mm. 1 de 25mm.

A balda superior será da mesma lonxitude que o soporte das mangueras, deixando o resto do oco da balda superior libre para instalar e suxeitar os extintores de CO2 e po que actualmente están no interior da cabina.

Instalaranse soportes para que as lanzas, bifurcación e reducións vaian colgadas. O deseño deste soporte facilitarao a Xefatura.

LADO DEREITO:

Na primeira porta, modificarase o compartimento sanitario para poder levar as padiolas suxeitas, incluídas as que van na cabina, así como os utensilios sanitarios que van debaixo do asento; procurando que vaian suxeitos na parte superior do compartimento.

Na primeira arquilla de persiana; retirarase a división onde van as cadeas de excarceración e cambiaranse por dúas caixas de plástico reforzadas tipo europeas, para poñer todos os utensilios que van soltos nesa balda. Suxeitaranse todos os calzos no mesmo lugar, na parte superior esquerda.

Os utensilios RAM, situaranse ao lado esquerdo do equipo de excarceración na parte inferior.

Na segunda arquilla de persiana; unha vez trasladado o compartimento xiratorio á primeira arquilla do lado esquerdo, instalarase unha balda inferior para poder albergar no oco que quedaría, entre o chan desta arquilla e a balda nova, os puntais que están actualmente na primeira porta do lado esquerdo. Neste oco instalaranse unha cintas tipo velcro para suxeitalos.

No resto do compartimento albergarase todo o equipo de excarceración HOLMATRO modelo CORE e as súas ferramentas e mangueriras. Levará un carro extraíble, para levar a ferramenta colgada e suxeita con guías aeronáuticas ou similares.

As ferramentas quedaran cómodas para a súa utilización, non solapando unha sobre outras; reforzando a estrutura do compartimento, se fora necesario.

O modelo a seguir será previamente aprobado pola Xefatura do servicio.

Poranse soportes para conos de sinalización.

Un posible exemplo sería:



Na terceira arquilla de persiana, instalaranse dúas caixas de plástico reforzadas para levar as lonas de traballo e as lonas de protección anticorte.

INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DE TRABAJO E EMERXENCIA

UNIDADES	CONCEPTO	UBICACIÓN (a ubicación definitiva será consensuada coa Xefatura do SEIS)
4	Focos led de superficie para parte frontal. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centralíña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Parte frontal facendo unha V. na zona de chapa ou na grella de ventilación do motor.
2	Focos de 4 led plano de alta potencia, un en cada aletín dianteiro.	Na zona do aletín dianteiro ou na zona do deflector de aire.
4	Focos led de superficie para parte superior lateral. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centralíña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Na zona superior dos laterais, levando 2 en cada lateral.
4	Foco de 6 led de alta potencia parte inferior del carrozado lateral, 2 en cada lateral	Na zona inferior dos laterais.
4	Focos led de superficie para parte traseira. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centralíña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Parte traseira, dous na zona alta e dous na zona baixa
12	Led de aumento na ponte ea instalada no vehículo	Dentro da ponte de luces de emerxencia
1	Panel de mensaxes de trafico led. Inclúe software de conexión coa botoeira para programar ata 253 mensaxes nos cales se poderá poñer ata 9 palabras de 10 caracteres cada unha. Dimensións mínimas aproximadas do panel 885 mm. de longo e 230 mm de alto. As dimensións máximas marcaraas o oco existente entre la parte superior de persiana e o final do carrozado, deixando sitio para a cámara de visión traseira. Si é posible, integrárase nesta botoeira o acendido e apagado da iluminación de emerxencia.	Parte traseira, encima da arquilla, botoeira en zona próxima ao posto de conducción.
8	Faro de iluminación de zona de traballo de led mínimo 850 lumenes unidade	Colocación encima de cada persiana lateral e dúas na la traseira.
4	Focos traballo traseiro e lateral de alta luminosidade aproximadamente 3.000 lumenes cada un	2 na parte traseira na zona superior del carrozado e 2 no principio do carrozado, en zona superior, un por cada lateral do vehículo.

14	Tiras de iluminación de led alta potencia en interior de persianas e arquillas traseiras (2 barras por cada compartimento en posición vertical, ao longo de toda a lonxitude da canle de subida e baixada de persiana, así como nas portas situadas por debaixo das persianas). As tiras de led de mínimo 14,4w de potencia metro. Terán que ser resistentes á auga, mínimo ip65 así como los conectores.	Dentro das arquillas que teñen persianas e as portas que están na parte inferior das persianas en posición vertical, a longo de toda a lonxitude da canle de subida e baixada de persiana, así como na lonxitude das portas inferiores das persianas
3	Barras de led de alta potencia en interior de cabina. Unha na parte traseira que ocupe toda a lonxitude desde a porta a porta. E na parte dianteira unha encima do condutor e outra encima do acompañante de aprox. 50 cm. cada unha. Terán unha potencia mínima de 14,4w de potencia metro. Ip65. Toda esta iluminación acenderá ou apagará coa apertura ou cerre de calquera porta. Ademais, levará un interruptor individualizado de acendido e apagado.	Na parte traseira buscarase a mellor localización para non cegar aos bombeiros, pudiendo ser a primeira opción encima da espaldeira no teito. Na parte dianteira poderán ir enriba do condutor e do acompañante.
8	Focos de 3 led de alta potencia de color laranxa instalado en cada lateral das portas das arquillas traseiras para indicar e sinalización das mesmas. Son 2 por porta.	En cada porta das que están situadas na parte inferior das persianas colocarase 1 foco en cada lateral, 2 por cada porta.
4	Focos de led de alta potencia a 24v para substitución dos focos de mastro de potencia mínima cada un de 2600 lumenes. Instalarase un interruptor de acendido e apagado dos focos, na arquilla traseira, ao lado do mecanismo de subida e baixada do mastro. Cambiarase o cableado interior del mastro.	Mastro telescópico da zona traseira.
1	Conxunto de 4 cámaras de 360º brigade blackeee completo, con monitor con visión aérea del vehículo e visión da cámara que este activada	Unha cámara en cada lateral, outra na parte dianteira e traseira. A situación exacta, segundo marque as especificacións do instalador oficial.
1	Instalación, homologación e posta en marcha de todos os elementos que se citan neste prego. A instalación de todos estes elementos farase con cableado novo, caixas novas, conectores novos e todo o material necesario para a posta en funcionamento desta iluminación.	

3. VEHÍCULO MERCEDES ATEGO ----- MATRICULA: 5183 CDR

Os materiais e elementos a empregar estarán debidamente certificados e homologados.

Descrición dos seguintes traballos a realizar neste vehículo:

CABINA

Desmontar e montar a cabina completa para pintado; desmontar luces de estrada, de enerxía, espellos, portas, gardalamas, estribos, etc...; desmontar porta de condutor, copiloto e traseiras reparando ou cambiando apertura e peche das portas tanto desde o

interior como o exterior, descolgues de bisagras, repoñer parafusos de suxeición paneis de portas; reparar ou cambiar eleva vidros eléctricos e manuais; reparar ou cambiar sistemas eléctricos e manuais de corrección de retrovisores; reparar ou cambiar folguras nos retrovisores; reparar espello retrovisor dereito; reparar ou cambiar as cerraduras das manillas exterior das portas; reparar ou cambiar os cerres ou bisagras das portas nas diferentes guanteiras que hai no interior da cabina; repoñer guanteira central; cambiar enganche de parasol dereito; cambiar foco de iluminación esquerdo orixinal do vehículo que vai na defensa; cambiar tulipas das luces de situación do vehículo; cambio das bombillas avariadas, tanto do interior coma do exterior; cambio das gomas de peche de todas as portas da cabina (onde a porta bate contra a estrutura); cambiar gomas de trampilla superior; cambiar todas as gomas dos cristais nas catro portas; escurecemento dos dous cristais das portas traseiras; reparación de todos os golpes de carrocería e plásticos; preparado, lixado, tratamento, imprimado e pintado de carrocería completa incluído a parte superior da cabina, así como a parte traseira da cabina e a dianteira do carrozado; quitar foco pirata e as marcas de modelo do camión que molesten para rotular o vehículo; tapar os buratos das luces antigas ou calquera outros que non se volvan a utilizar; repoñer calquera peza que falte ou estea rota do exterior do vehículo ou do interior da cabina ou das persianas; lixado, tratamento, imprimación e pintado de zonas ocultas de chapa ou de zonas de chasis ocultas pola cabina ou o carrozado que estean en mal estado ou con óxido (compre destacar o golpe na cabina na parte superior del parabrisas); reparar ou cambiar cerre, gomas, barilla de suxeición e bisagras do portón para acceder ao anticonxelante do motor no vehículo; repoñer ou poñer novas etiquetas cós nomes dos diferentes interruptores da cabina; montaxe de todos os elementos que se desmontaron.

CARROZADO E PERSIANAS

Desmontar e montar todas as persianas laterais e traseiras de carrocería, luces laterais e traseiras, etc.. tapando posibles buracos na chapa; reparación de golpes; preparado, imprimado e pintado do carrozado e das persianas completas incluído a limpeza da parte interior das persianas; pintado na zona do chasis na roda de repostado, así como a llanta da roda de repostado; pintado de cor vermella co mesmo tratamento que no resto do vehículo na zona da coroa da autoescaleira; reparación e pintado da cesta; limpeza e desengraxado da autoescaleira; tapar os buratos das luces antigas ou calquera outros que non se volvan utilizar; cambiaranse as gomas verticais de todas as persianas (1 por cada canle) que están nas canles de subida e baixada das persianas, así como a goma horizontal de cerre inferior todas as persianas; se algunha lámina, mecanismo ou peza das persianas ten algún defecto, golpe ou avaria, e non se pode reparar, cambiarase por unha nova; tensar e reparar o mecanismo das persianas; limparanse as canles de subida das persianas; as persianas terán o mesmo acabado, tratamento, imprimación, brillo e cor que a chapa; limpeza interior das arquillas con algún produto que devolva o brillo ás chapas e a estrutura; cambio de rodamentos no soporte extraíble do equipo de excarceración; instalación neste soporte dunha bandexa para levar un ventilador; cambio das divisións de plástico por aluminio do clasificador de mangueras; substituír eslingas de amarre de carga e de peche de persianas; substituír esliga de suxeición de bicheros; cambiar eslinga suxeición escaleira manual en parte superior lado esquerdo; cambiar seguro de escaleira manual na parte superior esquerda; revisión, cambio dos mecanismos de cerres tipo botón dos sistemas de peche e apertura de todas as persianas que estean avariados; poñer funda nova de xerador, con tecido igual ao actual;

instalación de luces LED nas dúas escaleiras de subida á plataforma; revisar e reparar ancoraxes de escaleira subida a plataforma de autoescaleira; cambio de tulipa de freo do lado dereito; pintado de consola de mandos de autoescaleira situada na plataforma; arranxo de golpe na parte inferior do carro extraíble de ferramentas (pico, palas, etc...). Destácase para a súa reparación o descuadre do lado dereito de todas as portas e arquillas do camiión; cambio e revisión de folguras, rodamentos, teflóns, e canais dos seguintes carros o soportes: carro de ferramentas (pico, palas, patas de cabra, etc...), soporte equipo LUKAS, devanaderias automáticas de mangueras; pintado de chave situada á esquerda da entrada de aspiración da bomba; repoñer esquina de plástico negra na esquina traseira esquerda en zona de plataforma; poñer etiquetas de rotulación novas das diferentes pancas ou interruptores na parte da bomba; colocación de tapa na defensa traseira, zona dereita; revisar e engraxar o carrete pronto socorro e o carrete de manguera situado na esquerda; reparar ou cambiar sensores das portas das arquillas, revisando o cambiando el avisador acústico de cabina; facer soportes na 3ª arquilla da esquerda para colgar as lanzas, bifurcacións e reducións segundo modelo facilitado pola Xefatura do servicio de bombeiros; cambiar os separadores de plástico por uns de aluminio en el soporte de almacenamento de mangueras do lado esquerdo; colocación no sistema de almacenamento de mangueras dunhas eslingas individuais en cada manguera; montaxe de interiores de arquillas, portas e de persianas; pintado en zona de base de autoescaleira (chapas que ocultan a coroa) de todas as chapas que na actualidade son de color vermella; igual en toda a zona del asento onde estean os controis de mando da autoescaleira; pintando de botellas hidráulicas ca as ancoraxes de cor vermella; pintado de soporte de padiola en zona de escaleira; limpeza e desengraxado de todos os tramos e barandilla da autoescaleira; pintado e arranxo de todas as partes da cesta coa mesma cor; cambiar chapas corrugadas do chan da cesta; arranxo e pintando das chapas que quedan visibles en posición recollida.

CORES A UTILIZAR

As cores a utilizar serán:

Defensas: cor amarela flúor RAL 1.026

Cabina, carrozaría e persianas: cor vermella RAL 3.000

Lantas: cor negra RAL 9.011 satinado

Nas pezas plásticas ou de chapa que estean en cor negra, tentarase respectar a cor actual, renovando a cor con algún produto ou pintado.

Seguirase o modelo de cores existente nos dous vehículos arranxados recentemente: o vehículo NODRIZA e el autobrazo BRONTO do SEIS.

INTERIOR CABINA

Desmontar asentos interiores lavado completo de toda a cabina polo interior, tapizados, teito, chan, asentos, etc.; cambiar a espuma, o tapizado completo do asento condutor e copiloto por tecido polipel similar ao utilizado no vehículo NODRIZA ou BRONTO, cor negra; instalar esquina do chan de goma de cor amarela que falta; substituír o tapizado

do chan que estea roto; pintado de barras de portas e escaleiras en cor amarelas (RAL 1.026); pór funda en repousacabezas coas abreviaturas:

Parte traseira: B1, B2 (dentro dun circulo en cor negra) a funda de cor vermella; B3, B4 (dentro dun circulo en cor negra) a funda en cor azul.

Parte dianteira: BC1 (dentro dun circulo en cor negra) en cor vermella e o do copiloto unha funda en cor amarela sen texto.

Revisar e arranxar sistema de soporte dos ERAS; cambiar amortecedores de tapa de asento traseiro.

Montaxe de toda a cabina de novo. Arranxar escaleiras de subida ao condutor e copiloto.

INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN DE TRABAJO E EMERXENCIA

UNIDADES	CONCEPTO	UBICACIÓN (a ubicación definitiva será consensuada coa Xefatura do SEIS)
5	Focos led de superficie para parte frontal. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada uno, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centralíña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Parte frontal facendo unha V. na zona de chapa ou na grella de ventilación do motor. Un foco irá na parte inferior da cesta, con visualización en sentido da marcha do vehículo.
2	Focos de 4 led plano de alta potencia, un en cada aletín dianteiro	Na zona del aletín dianteiro ou na zona do deflector de aire.
4	Focos led de superficie para parte superior lateral. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centralíña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Na zona superior dos laterais, levando 2 en cada lateral.
4	Foco de 6 led de alta potencia parte inferior del carrozado lateral, 2 en cada lateral	Na zona inferior dos laterais
4	Focos de led de alta potencia en parte inferior de cesta para iluminación de area de aproximación de mínimo 1.600 lumenes cada un e foco orientable de led de alta potencia mínimo 3.000 lumenes en parte superior da cesta. Colocación dun foco no control de mandos na zona de plataforma	Na parte dianteira da cesta: un na parte superior e dous na inferior. Un foco nos mandos de control de autoescaleira situada na plataforma.
4	Focos led de superficie para parte traseira. Foco led alta potencia, rectangular, montaxe en superficie, módulo con 6 led de 3w cada un, luz de cruceiro, tulipa de policarbonato resistente a golpes. Con centralíña incorporada, 3 tipos de destelos e 2 modos de sincronizado (simultáneo e alternativo) sincronización de 8 focos. Homologado R65.	Parte traseira, dous na zona alta e dous na zona baixa

8	Faro de iluminación de zona de traballo de led mínimo 850 lumenes unidade	Colocación encima de cada persiana lateral e dous na traseira.
2	Focos traballo traseiro de alta luminosidade aproximadamente 3.000 lumenes cada un.	Na parte traseira, zona superior do carrozado.
14	Tiras de iluminación de led alta potencia no interior de persianas e arquillas traseiras (2 barras por cada compartimento en posición vertical, ao longo de toda a lonxitude da canle de subida e baixada de persiana, así como nas portas situadas por debaixo das persianas). As tiras de led de mínimo 14,4w de potencia metro. Terán que ser resistentes á auga, mínimo ip65, así como os conectores.	Dentro das arquillas que teñen persianas e as portas que están na parte inferior das persianas en posición vertical, ao longo de toda a lonxitude da canle de subida e baixada de persiana, así como na lonxitude das portas inferiores das persianas
3	Barras de led de alta potencia en interior de cabina. Unha na parte traseira que ocupe toda a lonxitude desde a porta a porta e, na parte dianteira, unha encima do condutor e outra encima do acompañante de aprox. 50 cm. cada unha. Terán unha potencia mínima de 14,4w de potencia metro. Ip65. Toda esta iluminación acenderá ou apagará coa apertura ou cerre de calquera porta. Ademais, levará un interruptor individualizado de acendido e apagado.	Na parte traseira buscarase a mellor localización para non cegar aos bombeiros, podendo ser a primeira opción encima da espaldeira, no teito. Na parte dianteira poderán ir encima do condutor e do acompañante.
1	Conxunto de 4 cámaras de 360º brigade blackeee completo, con monitor con visión aérea do vehículo e visión da cámara que este activada	Unha cámara en cada lateral, outra na parte dianteira e traseira. A situación exacta, segundo marque as especificacións do instalador oficial.
1	Instalación, homologación e posta en marcha de todos os elementos que se citan neste prego. A instalación de todos estes elementos instalarase con cableado novo, caixas novas, conectores novos e todo o material necesario para a posta en funcionamento desta iluminación.	

ROTULACIÓN DOS VEHÍCULOS

A rotulación dos tres vehículos e imaxe corporativa será idéntica entre eles e aos vehículos xa reparados NORDRIZA e BRONTO, tendo que axustarse ás medidas e características de cada un.

Constará dos seguintes elementos:

- Lenda invertida "BOMBEIROS"
- Pictograma co teléfono 112
- Referente institucional de Bombeiros. (Escudo do Corpo)
- Logotipo do Concello de Santiago de Compostela.
- Bandas reflectoras de contornos laterais formando un patrón Battenburg en cor amarela limón flúor.

- Bandas reflectoras na parte traseira formando un patrón Chevron, en cor amarela limón flúor e vermella.
- Código do vehículo no lateral da cabina e na parte superior da cabina (BS-3 / BS-6 / BS-8).
- Identificador do vehículo, irá nos dous laterais do vehículo formado por un código de números e letras.
- Bandas reflectantes no interior das arquillas.
- Patrón Chevron na parte inferior de la cesta.

O material será unha lámina retrorreflectante microprisma metalizada flexible clase RA3, 3M de cor amarela limón flúor e na parte traseira incluírá o vermello. Será propio para a súa instalación en vehículos de servizos de emerxencia.

Para rotular estes tres vehículos seguirase o modelo e o mesmo material dos vehículos NODRIZA e Autobrazo BRONTO do SEIS; levando o mesmo material e o mesmo formato.

Antes de iniciar la rotulación, presentarse unha simulación do resultado final que será aprobado por la Xefatura do SEIS ou a persoa en quen delegue; será a persoa responsable de determinar o tamaño, o formato e colocación de todos os elementos de rotulación.

Serán comúns aos tres vehículos as seguintes especificacións:

Lenda "BOMBEIROS" na parte dianteira.

Tipografía: Gill Sans Bold altura aproximada 12,5 cm. Invertido para a súa correcta lectura a través de espellos retrovisores.

Cor: amarela limón Flúor

Pictograma co teléfono 112

Tipografía: Gill Sans Bold

O tamaño adecuácese ao lugar de colocación

Cor: Amarela limón flúor.

Referente institucional de Bombeiros. (Escudo do Corpo)

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación. A cor ou cores do escudo tomaranse previamente.




BOMBEIROS
Santiago

Logotipo do Concello de Santiago de Compostela.

O tamaño adecuarase ao lugar de colocación.

A cor será amarela limón flúor.



Patrón Chevron ou Bandas en espiña de peixe a 45º

Localización: cubrindo a totalidade da parte traseira dos vehículos incluída a persiana. No caso dos dous vehículos Mercedes Atego que levan un protector de chapa para o cabrestante na parte dianteira, estudarase a posibilidade de cubrila tamén có patrón Chevron.

Cor: Amarela limón flúor e vermella.



Patrón Battenburg nos laterais.


Ao longo dos laterais dos vehículos porase unha rotulación formada por dúas filas de rectángulos (estilo taboleiro de xadrez) ocupando desde os cristais das portas dianteiras até a zona baixa das persianas.

Cor: Amarela limón Flúor



Código de cada vehículo.

Localización: En cada lateral da cabina e na parte superior da cabina (ocupando o máximo espazo posible) Tipografía: Gill sans bold. A cor en amarela flúor.



Identificador de cada vehículo.

Situarse en cada lateral da cabina, seguindo o modelo do vehículo NODRIZA e autobrazo BRONTO.

Bandas reflectantes no interior das arquillas

Todos os frontes lisos das baldas que están no interior das arquillas, levarán unha banda retroreflectante de cor amarela flúor en posición horizontal ocupando toda a súa lonxitude.

Os carros extraíbles levarán nos laterais e na fronte una banda retroreflectante de cor amarela flúor.

Patrón Chevron na parte inferior da cesta

Na parte inferior da cesta, a parte visible no sentido da marcha do Mercedes Atego DLK, porase unha lámina có Patrón Chevron en toda a superficie, incluso na parte que queda oculta cando a cesta está recollida.

O adjudicatario poñerase en contacto có carroceiro para cofecer as precaucións que deberá tomar para realizar este traballos. Isto é especialmente importante no suposto do vehículo que leva a autoescaleira, debido ao especial delicadeza do sistema que leva.

Santiago de Compostela, 24 de Setembro 2019

Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios

Manuel Sanmartín Chao

